



ANTONIO LEMOS: "PRADOS VELLOS É UN FORTÍN";

Partido moi serio e ben pelexado polos locais ante un Narón que non puido bater a ningún dos porteiros do Numancia.

Prados Vello, 23 de febreiro de 2013

Encontro correspondente á undécima xornada da liga do grupo 4º, de categoría cadete disputado en Prados Vello entre o Numancia e o Narón. Con esta vitoria na última xornada da primeira volta, xa van catro partidos seguidos gañando coma locatarios.

ALIÑACIÓNS

NUMANCIA: Agustín (Roberto), Emi, Óscar, David, Rolo (Lemos), Miguelín (Rañales), Brais (Ian), Fran (C), Sergio Rico (Nico), Carlos e Marcelo

NARÓN: Iván Casteleiro, Bruno Nodar (Gabriel), Iván bouza, Miguel, Alex Martínez, Marvin, José L., Bruno Sande (Diego), Antonio (Óscar), Arturo (Carlos) e Alex Sueiras..

ÁRBITRO: Alejandro Méndez Bouza.

GOLES: Carlos e Marcelo

1-0 (34') Falta en tres cuartos de campo preto da banda esquerda que Fran pon na área para a entrada dende a dereita de Marcelo que anota o primeiro tanto.

2-0 (48') Condución dende mediocampo de Fran caneando a varios contrarios e asiste para a entrada de Carlos polo centro, quen se adentra na área e bate ao meta visitante na súa saída.

COMENTARIOS DO XOGADOR LOCAL ANTONIO LEMOS:



A XOGADA DO PARTIDO: Por nomear algunha, persoalmente quedome co segundo gol, Fran desfais dos rivais con varios excelentes recortes e dálle un magnífico pase a Carlos que define á perfección fronte ao porteiro. **CLAVE:** Penso que a clave estivo na actitude xeral do equipo, moi compacto e atento en todas as liñas.

ACTUACIÓN PERSOAL:

Persoalmente penso sempre en mellorar, non estou a disgusto coa miña actuación, pero creo que todos os aspectos sempre son mellorables e a miña intención é esa .

O EQUIPO:

Como xa dixen ao principio o equipo estivo moi correcto en todas as liñas e non houbo grandes erros pero sempre se pode mellorar. O fortín numantino volveu facer efecto posto que os 4 últimos partidos que xogamos en Prados Vello os contamos por vitorias.

O RIVAL:

O Narón é un equipo forte coma así o seu posto na clasificación. O máis destacado do seu equipo eran os xogadores de ataque, moi veloces e que en máis dunha ocasión puxeron en perigo a nosa meta, obrigándonos a repregamentos moi rápidos.